

Pleno do Consello Xeral de FP: Esiximos ao Ministerio que ninguén perda dereitos na extinción do corpo de profesorado técnico de FP



Na tarde do 9 de decembro celebrouse en reunión virtual o Consello Xeral de Formación Profesional no que a representación da CIG pediu aclaracións ante as incertezas que deixa a redacción da LOMLOE ao respecto do profesorado sen titulación universitaria e do colectivo de interinas e substitutas. O sindicato enviou tamén un escrito aos grupos parlamentarios do Senado no mesmo sentido e con propostas concretas para que o PTFP se integre directamente no corpo de PES sen exclusións e se dean pasos cara ao corpo único docente.

A CIG-Ensino pediu aos responsábeis ministeriais que participaron no XX Pleno do Consello Xeral da Formación Profesional que despexara canto antes as

súas intencións sobre a integración do profesorado técnico de FP no corpo A1 que, tal e como se desprende do articulado do Proxecto da LOMLOE actualmente en trámite no Senado, leva aparellada a extinción do corpo de PTFP. Como sindicato maioritario en Galiza, a CIG-Ensino afeoulle aos cargos do Ministerio que introduciran estas modificacións sen antes negociarlas coas organizacións sindicais, cando se trata de cambios substanciais no status e nas condicións de traballo de algo máis de 4.500 docentes en toda Galiza e decenas de miles en todo o Estado.

Neste sentido, amosou a súa preocupación polo colectivo de profesorado técnico tanto funcionario de carreira como interino que non ten a titulación de grao ou equivalente a efectos de acceso á función

pública e para o que se prevé, no primeiro caso, que quede a extinguir e, no segundo, que poida ser contratado de forma excepcional como profesorado especialista. Ambas as dúas posibilidades minguan os dereitos que ten nestes momentos adquirido este persoal docente. No primeiro caso, por exemplo, cómpre que o Ministerio aclare se as titulacións universitarias previas ao Plan Boloña, diplomaturas e enxeñaría técnicas son equivalentes aos títulos de Grao, como no caso da función pública docente ou non. Para a CIG-Ensino non cabe a menor dúbida de que isto debe ser así. No caso do funcionariado de carreira que só ten titulación de FP que, segundo a redacción actual da norma, quedaría a extinguir é preciso saber que opcións ten de ter as mesmas retribucións e condicións laborais que quen pase ao corpo A1, se existe posibilidade de integrarse máis adiante neste corpo, e se vería alterados dereitos laborais fundamentais como o da mobilidade.

Pero, sen dúbida, o elemento máis preocupante do que se desprende do Proxecto de Lei, e que deixa nunha situación máis vulnerábel ao colectivo interino e substituto, é coñecer que ocorre con quen aínda non é funcionariado de carreira e ten só titulación superior de FP, dado que se introduce unha figura até o de agora residual na contratación pública docente en Galiza que é a do profesorado especialista. Desde a CIG-Ensino amosámonos rotundamente en contra de modificar o réxime de contratación administrativa (funcionariado interino) polo contrato laboral no ensino público porque, na práctica, implica unha perda de dereitos e de estabilidade que podería deixar a miles de docentes sen traballo ou sen a posibilidade de acceder ao ensino público con carácter fixo.

Desde o sindicato pedímoslle á administración que despexe as principais incógnitas que están causando

preocupación e malestar entre este colectivo e que sente a negociar para buscar unha solución na que ninguén perda dereitos adquiridos.

En resposta ás cuestións formuladas pola representación da CIG-Ensino, a Secretaria Xeral de FP do Ministerio, Clara Sanz, limitouse a responder que non se ía facer ningunha modificación dos requisitos de titulación para o acceso aos diferentes corpos regulados no EBEP e que, unha vez aprobada a LOMLOE o seu desenvolvemento sería negociado, como procede, na Mesa Sectorial. Non despexou ningunha dúbida sobre a titulación para poder integrarse, como si lle pediu a CIG-Ensino.

A CIG foi a única organización que introduciu este tema no Pleno do CXFP, un órgano no que tamén teñen representación CCOO e UGT.

Escrito no Senado

A CIG-Ensino envioulle un escrito tanto á ministra de Educación como aos grupos parlamentarios do Senado para que no debate que se vai producir arredor da LOMLOE se inclúa unha solución integral para todo o profesorado técnico de FP e que o equipare en dereitos co de secundaria, sen deixar ninguén fóra. Así mesmo, tamén pide que o que se aplique finalmente para este colectivo sexa tamén válido para as mestras que imparten no 1º Ciclo da ESO (no camiño para poder ter un corpo único que incorpore a todo o corpo de mestres) e para as mestras de taller de Artes Plásticas e Deseño. O próximo día 15 remata o prazo para presentar emendas e o trámite na Cámara Alta ten como data límite o 25 de febreiro de 2021.

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal